

hículo segundo a vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa.

Durante o citado prazo de quince días poderá formular as alegacións que estime pertinentes ou presentar renuncia do vehículo para o que se lle facilitará modelo no Concello, achegando copia do DNI e documentación pertencente o vehículo.”

Pontevedra, 17 de xullo de 2008.—O Concelleiro Delegado da Area de Protección Cidadá, Guillermo Vázquez Vázquez. **2008007866**

* * *

O GROVE

A N U N C I O

O non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ó público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo Plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal de creación de ficheiros de datos de carácter persoal captados por cámaras instaladas con fins de vixilancia, cuio texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril.

Ordenanza pola que se aproba a creación dos ficheiros de datos de carácter persoal captados por cámaras do Concello do Grove instaladas con fins de vixilancia.

A existencia de ficheiros de carácter persoal e os avances tecnolóxicos, singularmente os informáticos, supoñen a posibilidade de intromisión no ámbito da privacidade e intimidade así como de limitación e vulneración do dereito á autodisposición das informacións que son relevantes para cada persoa. Por iso, o ordenamento xurídico reconece os dereitos neste campo e establece mecanismos para a súa garantía. A Constitución Española, no seu artigo 18, reconece como dereito fundamental o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e establece que “a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”. O Tribunal Constitucional, interpretando este artigo, declarou na súa xurisprudencia, e especialmente nas súas sentenzas 290/2000 e 292/2000, que este protexe o dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal, outorgándolle unha substatividade propia. Este dereito foi denominado pola doutrina como “dereito á autodeterminación informativa”.

A seguridade e a vixilancia non son incompatibles co dereito fundamental á protección da imaxe como dato persoal, o que en consecuencia esixe respectar a normativa existente en materia de protec-

ción de datos, para desta maneira manter a confianza da cidadanía nun sistema democrático.

As imaxes considéranse dato de carácter persoal, en virtude do establecido no artigo 3 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no artigo 5.1 f) do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da antedita lei orgánica, que considera como dato de carácter persoal a información gráfica ou fotográfica.

A Instrución 1/2006, do 8 de novembro, da Axencia Española de Protección de Datos sobre o tratamento de datos persoais con fins de vixilancia a través de sistemas de cámaras ou videocámaras, tendo en conta a peculiar capacidade invasiva destes tratamentos, o conxunto de medidas para garantir e protexer este dereito fundamental que a Lei orgánica 15/1999 establece.

É responsabilidade das administracións locais o concernente á creación, modificación ou supresión de ficheiros de datos de carácter persoal.

O artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal establece que a creación, modificación ou supresión de ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición de carácter xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

De conformidade co artigo 41.1 da Lei orgánica 15/1999, e os artigos 52, 53, 54 e 55 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, as corporacións locais crearán, modificarán e suprimirán os seus ficheiros mediante a correspondente ordenanza municipal, ou calquera outra disposición de carácter xeral, nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e, de ser o caso, na lexislación autonómica.

PRIMEIRO.—CREACIÓN DE FICHEIROS

Crearanse os ficheiros de datos de carácter persoal sinalados no anexo I e anexo II.

SEGUNDO.—MEDIDAS DE SEGURIDADE

Os ficheiros automatizados que pola presente ordenanza se crean cumpren as medidas de seguridade e as esixencias establecidas no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como da Instrución 1/2006, do 8 de novembro, da Axencia Española de Protección de Datos sobre o tratamento de datos persoais con fins de vixilancia a través de sistemas de cámaras e videocámaras.

TERCEIRO.—PUBLICACIÓN

De conformidade co establecido no artigo 196 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ordénase que a presente ordenanza sexa publicada no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.—ENTRADA EN VIGOR

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

ANEXO I
FICHEIRO: CÁMARA DE VIXILANCIA,
CASA DA CULTURA

1. *Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro:* Concellería de Cultura do Concello do Grove.

2. *Órgano, servizo ou unidade ante quen deberán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:* Concellería de Cultura do Concello do Grove.

3. *Nome e descrición do ficheiro que se crea:* Cámara de vixilancia, casa da cultura. Conxunto de imaxes dixitais dos usuarios e traballadores da casa da cultura captadas polas cámaras de vídeo colocadas nesta.

4. Trátase dun ficheiro de carácter informatizado ao apoiarse a captación de imaxes nun video-gravador dixital que admite conexión TCP/IP.

5. *Medidas de seguridade:* Nivel básico.

6. *Tipos de datos de carácter persoal que se incluírán no ficheiro:* Imaxe/voz.

7. *Finalidade do ficheiro:* Salvagarda do patrimonio municipal e integridade dos traballadores e usuarios da casa da cultura fronte a eventuais ameazas ou atentados.

8. *Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou resulten obrigados a subministralos:* Usuarios da casa da cultura, así como empregados (funcionarios ou non) destinados ao seu servizo.

9. *Procedencia dos datos:* O propio interesado.

10. *Procedemento de recollida:* Captación mediante cámaras.

11. *Órganos e entidades destinatarias das cesións previstas:* Forzas e corpos de seguridade.

12. Non hai prevista transmisión internacional de datos.

ANEXO II

FICHEIRO: CÁMARA DE VIXILANCIA,
COLEXIO ROSALÍA DE CASTRO

1. *Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro:* Concellería de Cultura do Concello do Grove.

2. *Órgano, servizo ou unidade ante quen deberán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:* Concellería de Cultura do Concello do Grove.

3. *Nome e descrición do ficheiro que se crea:* Cámara de vixilancia, colexio Rosalía de Castro. Conxunto de imaxes dixitais dos usuarios e traballadores do colexio captadas, durante as horas non lectivas, polas cámaras de vídeo colocadas neste centro.

4. Trátase dun ficheiro de carácter informatizado ao apoiarse a captación de imaxes nun video-gravador dixital que admite conexión TCP/IP.

5. *Medidas de seguridade:* Nivel básico.

6. *Tipos de datos de carácter persoal que se incluírán no ficheiro:* Imaxe/voz.

7. *Finalidade do ficheiro:* Salvagarda do patrimonio municipal fronte a eventuais ameazas ou atentados.

8. *Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou resulten obrigados a subministralos:* Usuarios das instalacións do colexio durante as horas non lectivas, así como empregados (funcionarios ou non) destinados ao seu servizo.

9. *Procedencia dos datos:* O propio interesado.

10. *Procedemento de recollida:* Captación mediante cámaras.

11. *Órganos e entidades destinatarias das cesións previstas:* Forzas e corpos de seguridade.

12. Non hai prevista transmisión internacional de datos.

Recurso de reposición

O presente acordo pon fin á vía administrativa e poderá ser recorrido potestativamente en reposición ante o mesmo órgano. O prazo para interpoñer recurso é dun mes dende a data de notificación da presente resolución. Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou ata que se produza a súa desestimación por silencio.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

Recurso contencioso-administrativo

O recurso contencioso-administrativo pode ser interposto directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de se-lo caso.

O prazo para interpoñer este recurso é de dous meses contados dende o día seguinte á data de notificación do presente acordo se non se interpuxo recurso de reposición. Ou tamén transcorridos dous meses, pero contados dende o día seguinte ó que lle sexa notificada a resolución expresa do recurso de reposición ou dende a data en que transcorra un mes da interposición do devandito recurso de reposición, se se interpuxo potestativamente.

O Grove, 17 de xullo de 2008.—O Alcalde, José Antonio Cacabelos Rico. **2008007916**

* * *

O ROSAL**A N U N C I O**

O Pleno do Concello de O Rosal, en sesión ordinaria celebrada en data 31 de maio de 2008, aprobou inicialmente a Ordenanza Específica para a concesión de subvencións polo Concello de O Rosal en materia de obras de abastecemento de augas para o exercicio 2008; elevándose a definitiva a citada aprobación inicial ó non presentarse reclamacións contra elas.

Polo que, a través do presente anuncio, se procede á publicación do texto íntegro da citada Ordenanza Específica:

ORDENANZA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS POLO CONCELLO DE O ROSAL EN MATERIA DE OBRAS DE ABASTECIMENTO DE AGUAS PARA O EXERCIZO DOUS MIL OITO

BASE PRIMEIRA.—OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Constitúe o obxecto da presente Ordenanza Específica o establecemento das bases reguladoras da concesión de subvencións polo Concello de O Rosal (Pontevedra) en materia de obras de abastecemento de augas para o ano 2008, a realizar por agrupacións de veciños ou Comunidades de Usuarios de Auga establecidos no ámbito territorial do municipio e presten o servizo de abastecemento de auga; definindo o conxunto de condicións e o proceso a seguir para a súa concesión.

Plásmase nestas Bases a necesidade de planificar un instrumento a través da figura da subvención dirixida á protección do auga, ben escaso e prioritario na vida diaria, sendo totalmente necesario incrementa-la calidade dos servizos de abastecemento á poboación do municipio e optimiza-la

eficiencia na utilización do auga reducindo as perdas internas nas redes de distribución.

BASE SEGUNDA.—TIPOS DE INVESTIMENTOS A SUBVENCIONAR

Consideráanse obras a subvencionar:

- 1.—Construcción de depósitos novos reguladores de auga.
- 2.—Ampliación de depósitos existentes reguladores de auga.
- 3.—Substitución de tubarías da conducción de auga.
- 4.—Obras necesarias para novas captacións de auga.

Consideráanse gastos subvencionables os que de maneira indubitada respondan á natureza da obra subvencionada e se realicen ó longo do ano dous mil oito declarándose expresamente que teñen tal carácter os correspondentes ós honorarios técnicos pola redacción dos proxectos ou memorias correspondentes ás citadas obras.

En ningún caso consideráse gasto subvencionable o Imposto sobre o Valor Engadido cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

BASE TERCEIRA.—REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

Terán a consideración de beneficiarios as agrupacións de veciños ou as Comunidades de Usuarios de Auga establecidas no ámbito territorial do municipio de O Rosal que presten o servizo de abastecemento de auga e realicen as obras que fundamentan o seu outorgamento, sempre que non estean incursos nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS en adiante).

No caso das agrupacións de veciños, en canto agrupacións de persoas físicas privadas sen personalidade, para a correcta adquisición da condición de beneficiario, é necesario a constancia expresa, tanto na solicitude como na resolución de concesión da subvención, dos compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. En calquera caso, deberán nombrar un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprilas obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. As agrupacións de veciños que adquiren a condición de beneficiarios non poderán disolverse ata que non transcorra o prazo de prescripción do dereito do Concello a recoñecer ou liquidar o reintegro e das infraccións e sancións. Asimesmo, é necesario que todos os seus membros non estena incursos nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 e 3 da LXS: